

INSTRUCCIÓN V/2017 DA XERENCIA POLA QUE SE MODIFICAN OS TIPOS DE DEDUCCIÓN DE IVE SOPORTADO NA CODIFICACIÓN ECONÓMICA E FUNCIONAL

A USC ten recorrido as liquidacións do IVE ao non ser aceptada a dedución do 100% do IVE soportado na investigación básica. O Tribunal Supremo en sentenzas que marcaron xurisprudencia veu confirmar o criterio mantido pola nosa Universidade.

A liquidación do IVE do exercicio 2015, foi inspeccionada pola AEAT e o criterio empregado para esta inspección foi o marcado polo Tribunal Supremo ao ter sentado xurisprudencia.

A inspección realizada puxo de manifesto deficiencias na nosa clasificación funcional que debemos corrixir segundo o cadro seguinte:

Tipo de gasto	Cambio de funcional	Tipo de dedución IVE actual	Tipo de dedución que procede aplicar
Reunións científicas	Non	100%	Prorrata
Prácticas de campo	Si	Prorrata	0%
Programa "A Ponte"	Non	Prorrata	0%
Xestión académica	Si	Prorrata	0%
Escola de Práctica Xurídica	Si	Prorrata	0%
Instituto de Criminoloxía	Si	Prorrata	0%
Cuarto ciclo	Si	Prorrata	0%
Organos de Representación do Persoal	Si	Prorrata	0%

Do resultado da inspección tamén se advirte que determinados gastos que se inclúen nunha partida orzamentaria cun tipo de dedución do IVE soportado non deben seguir a regra de dedución do funcional, estes gastos son os indicados no artigo 96 da Lei 37/1992, de 28 de decembro, sobre o Imposto sobre o Valor Engadido para o que

Artículo 96 da Ley de IVA Exclusiones y restricciones del derecho a deducir

Uno.

5.º Los bienes o servicios destinados a atenciones a clientes, asalariados o a terceras personas.

6.º Los servicios de desplazamiento o viajes, hostelería y restauración, salvo que el importe de los mismos tuviera la consideración de gasto fiscalmente deducible a efectos del Impuesto sobre la Renta de las Personas Físicas o del Impuesto sobre Sociedades.

Esta exclusión na deducibilidade do IVE afecta polo tanto aos gastos en Atencións Protocolarias (en concepto de comidas, agasallos, esquelas, etc) e supón un cambio na xestión e na aplicación eSicus.

Para poder aplicar o indicado desta inspección tributaria é necesario modificar tanto a codificación económica da USC como a aplicación de xestión orzamentaria. Así,

- Incorporáanse novos subconceitos económicos para imputar o gasto en "Atencións protocolarias e representativas"
- Modifícase a aplicación eSicus para que permita que a dedución do IVE nun subconceito difira da dedución aplicada ao funcional.

CONCEPTO	SUBCONCEPTO. Atencións protocolarias e representativas		TIPO DEDUCCIÓN
	EXISTENTE	NOVO	
226.- Gastos diversos. Atencións Protocolarias e Representativas	01		0%
228.- Cursos e Conferencias	18		0%
229.- Extensión Universitaria		18	0%
260.- Gastos de funcionamento asociados a programas de mobilidade		18	0%
640.- Axuda investigación departamentos		19	0%
642.- Convenios de investigación		19	0%
643.- Reunións científicas		19	0%

Os subconceitos anteriores están asociados a un tipo de dedución de IVE do 0% independente da dedución que corresponda ao funcional da partida.

A relación anterior non inclúe o concepto 641.- Proxectos de Investigación. Os gastos en atencións protocolarias, como comidas, agasallos, etc. non teñen a consideración de gasto elixible polas entidades financiadoras. Non obstante, si se admiten como gastos elixibles os derivados de reunións de traballo, comisións de servizo (desprazamentos relacionados co proxecto) ou gastos asociados a traballos de campo, sempre que se xustifiquen coa correspondente conta de axudas de custe e locomoción dos membros do equipo de investigación e de investigadores invitados, cos límites establecidos no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

Por último, en relación coa documentación xustificativa para a tramitación de gastos de aduana, a inspección nos indica a necesidade de completar as facturas das empresas que fan as xestións de liquidación do IVE nas aduanas, coa copia da factura do provedor das mercadorías e do documento DUA (documento único aduanero).

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2017

O xerente

A handwritten signature in black ink is written over a blue circular official stamp. The stamp contains the text "UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA" around the perimeter and "SECRETARÍA DE ECONOMÍA" in the center.

Xosé Manuel Villanueva Prieto